



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DEZANOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 19 de xuño de 2024, ás 10:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación das actas das sesións do 5 de xuño de 2024 e do 12 de xuño de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban as actas das sesións do 5 de xuño de 2024 e do 12 de xuño de 2024 por unanimidade.

2 Expediente 2024/G006/000023. Adxudicación do contrato de obras: Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto) (POS+ 2022). Expediente 2022/C003/000004

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)” (POS+ 2022), EXPTE. 2022/C003/000004

Conforme o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución da obra denominada denominado <<DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)>> cun valor estimado de 193.996,46 euros, IVE 40.739,26 euros, totalizando un orzamento base de licitación



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

de 234.735,73 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, en xaneiro de 2022, e aprobado pola Resolución desta Alcaldía número 339/2022, de 9 de maio, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público – LCSP 2017.

Conforme o previsto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Deputación da Coruña, incluída no Plan Adicional do POS+2022. Acredítase consignación orzamentaria suficiente na partida orzamentaria 2022. 160.623.00, polo importe de 212.471,35 euros, segundo a retención de crédito practicada pola Intervención na data de 09/02/2023.

Os terreos sobre os cales se van a executar as obras obxecto do contrato, en parte son de titularidade municipal e en parte son de Portos de Galicia, para os cales cóntase coa autorización por medio do convenio suscrito na data de 26/02/2024 para os efectos do artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-. Consta a aprobación do proxecto pola Resolución da Alcaldía número 339/2022, de 9 de maio, actas de replanteo do autor do proxecto anterior á aprobación e a expedida a posteriori da aprobación do proxecto.

Cóntase igualmente coas autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio, e as Resolucións da Dirección Xeral de Urbanismo de arquivo por non ter competencias na materia ao ser precisas as autorizacións de Portos de Galicia, a cal se obtivo por medio do antedito convenio, e a de Augas de Galicia, no caso de verquidos das augas pluviais ao mar, non sendo precisa neste caso ao verterse na estación de tratamento.

Logo de ver os informes preceptivos de Secretaría do 01/03/2024 e de Intervención do 4.03.2024

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 188/2024, do 5 de marzo, pola que se aproba o expediente de contratación.

Constan os documentos xustificativos da súa tramitación electrónica e publicidade por medio da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como as actas das reunións celebradas pola mesa de contratación e da súa proposta de adjudicación acordada na reunión de data 03/05/2024 a favor da oferta considerada con mellor relación calidade-prezo que corresponde coa empresa EXCAVACIONES POSE, SL, no prezo de 188.000,00 euros, máis 39.480,00 € de IVE, totalizando 227.480,00 € e demais condicións da súa oferta. Consta a acta da celebrada o día 29/05/2024 na que se cualificou a documentación presentada pola proposta como adjudicataria e esixida na cláusula 16.1 do PCA, entre a que se encontra a garantía definitiva polo importe do 5% da súa oferta económica, excluído o IVE (9.400,00 €), acordando darlle a súa conformidade.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Constan as ofertas económicas presentadas para o control de calidade da execución da obra solicitadas a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a GESTECNIC, polo importe de 1.887,00 €, IVE incluído a que presenta o prezo máis baixo, igualmente para a coordinación da seguridade e saúde da obra solicitouse a presentación de oferta económica a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a EPTISA, polo importe de 1.633,50 €, IVE incluído, a que presenta o prezo máis baixo.

Logo de ver o informe de fiscalización do expediente previo á adxudicación do contrato, asinado pola interventora o 10/06/2024.

En virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución núm. 734/2023, de 8 de setembro, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local, **elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte**

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obras denominado: << DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) EXPEDIENTE: 2022/C003/000004>>, á empresa EXCAVACIONES POSE, SL, polo importe de 188.000,00 euros, máis 39.480,00 € de IVE, totalizando 227.480,00 €, cun prazo de execución de 6 meses, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 227.480,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2024.160.22X.62300.

Terceiro.- Nomear como director da obra ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, quen exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Nomear á empresa GESTECNIC para que realice as funcións de control de calidade, segundo a súa proposta presentada.

Quinto.- Nomear á empresa EPTISA para realizar as tarefas de coordinación de seguridade e saúde, segundo a súa proposta presentada.

Sexto.- Notificar o acordo ó director da obra e responsable do contrato, ó coordinador de seguridade e saúde, á empresa que realizará as tarefas de control de calidade externa, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, consonte ao artigo 153.3 da LCSP, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, proceda a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa.

Sétimo.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfil do Contratante.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Ponteceso, na data da sinatura dixital/ O alcalde/ José Manuel Mato Martínez>>

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade.

3 Expediente 2024/G006/000024. Aprobación do proxecto denominado: “Melloras no centro social de Anllóns. Expediente 2024/C002/000005)

A secretaria le a proposta.

<< **PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO: MELLORAS NO CENTRO SOCIAL DE ANLLÓNS. EXP 2024/C002/000005

Logo de ver a Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro). PR483A. Fondo de Compensación Ambiental. Subvencións en réxime de concorrencia non competitiva a concellos.

Logo de ver o proxecto da obra <<Melloras no centro social de Anllóns>>, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, con número de Colexiado 1.897, de febreiro 2024, por un importe de 34.121,06 € (IVE engadido).

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 156/2024, de 23 de febreiro, na que se acorda solicitar unha subvención por importe de 34.121,06 euros ó abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, na liña non competitiva, para a realización do proxecto denominado <<MELLORAS NO CENTRO SOCIAL DE ANLLÓNS>>.

Logo de ver a notificación da resolución de concesión da subvención por parte da Dirección Xeral de Administración Local, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para levar a cabo o susodito proxecto, concedéndolle ó Concello de Ponteceso unha subvención por importe de 34.121,06 €, o que representa o 100 % sobre o orzamento elixible do proxecto.

Logo de ver o informe do arquitecto técnico, Ernesto Fernando Calvo Pérez, do 11/06/2024, para o investimento indicado, no que fai constar que non é preciso obter autorizacións sectoriais doutras



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

administracións, poseendo polo tanto a plena dispoñibilidade sobre os terreos onde se realizarán as actuacións e que o proxecto cumpre co disposto no planeamento en vigor do Concello de Ponteceso, coa normativa aplicable e coa lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

Logo de ver o informe de secretaría do 13.06.2024 e a retención de crédito emitido pola Intervención Municipal asinada o 13/06/2024.

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado: << MELLORAS NO CENTRO SOCIAL DE ANLLÓNS>>, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, con número de colexiado 1.897, de febreiro 2024, por un importe de 34.121,06 € (IVE engadido).

Segundo.- Notificar ao redactor do proxecto e oficina técnica para que se proceda ao replanteo do proxecto conforme ó artigo 126 da LCSP.

Terceiro.- Dar traslado do contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

O Alcalde/(Asinado dixitalmente)/Jose Manuel Mato Martínez>>

A proposta tiña que estar ditaminada previamente pola comisión informtaiva, pero por motivos de urxencia, dado que o proxecto está vinculado a unha subvención deciden sometelo directamente ao órgano decisorio, sendo ratificada a súa inclusión por unanimidade.

Porsteriormente os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade.

4. Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio ds súas atribucións

Non hai asuntos.

5 Asuntos incluídos por urxencia

O alcalde comunica que é necesario aprobar dous asuntos non incluídos na Orde do día e que non están ditaminados. Di que a urxencia está motivada porque o 28 de xuño de 2024 acaba o prazo para participar na primeira fase do POS+ Adicional 2/2024 da Deputación Provincial da Coruña que inclúe investimentos financeiramente sostibles que xa estaban comprendidos no Plan Complementario ao POS+ 2024 a documentación dos cales xa presentaron os concellos no seu momento.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a urxencia por unanimidade.

5.1 Expediente 2024/G006/000022. Aprobación do novo proxecto denominado “Proxecto construtivo refundido do abastecemento no núcleo de Guxín (Corme Aldea), incluído no POS+ 2024 Complementario. Expediente 2024/C003/000003

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: APROBACIÓN DO NOVO PROXECTO DENOMINADO: PROXECTO CONSTRUTIVO REFUNDIDO DO ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DE GUXÍN (CORME ALDEA) , INCLUIDO NO POS+2024 COMPLEMENTARIO.

ANTECEDENTES:

A Deputación da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024, mediante acordo plenario de data 24/11/2023 e publicado no BOP número 227 do 28 de novembro de 2023. O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 07/02/2024, acordou participar no dito Plan, aprobando o proxecto de ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DE GUXÍN (CORME ALDEA), redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado 30.511 e informe técnico sobre o investimento do 19/01/2024, no que se establece como afeccións sectoriais:

*“As actuacións a realizar encóntranse parcialmente dentro dun Contorno de Protección Arquitectónico/Etnográfico/Natural existente dunha zona onde se sitúan diversas edificacións presentes no catálogo de patrimonio do PXOM (códigos 2.25 e 2.26), polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, faise preciso a autorización previa dá **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Xefatura Territorial da Coruña**. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.*

*2.- As obras a executar encóntranse tamén parcialmente na zona de dominio público e de afección da estrada de titularidade autonómica AC-424. Ponteceso (AC-419) – Corme. Polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe faise preciso a autorización expresa da **Axencia Galega de Infraestruturas, do Servizo Provincial da Coruña, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.***

3.- Finalmente, as actuacións propostas atópanse parcialmente localizadas dentro do perímetro do Dominio Público Hidráulico e da Zona de Policía dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (5,00 - 100,00 m), polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, faise preciso tramitar ante Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas y Movilidad, Xunta de Galicia, unha declaración responsable, axustada ao modelo definido AU113A, para a realización



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

das actuacións proxectadas de mantemento ou mellora da red viaria pública, segundo o establecido no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro , polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, segundo o trámite da Orde do 18 de febreiro de 2020.“

Con data 15/02/2024 o Concello de Ponteceso remite a solicitude de autorización ao Servizo Provincial da Coruña da Axencia Galega de Infraestruturas.

Con data 30/03/2024 o Servizo Provincial da Coruña da Axencia Galega de Infraestruturas remite un informe indicando consideracións técnicas e legais a ter en conta para a autorización das obras; e se solicita documentación complementaria que defina inequivocamente a estas tra-la reunión no lugar das obras co equipo de vixiantes de explotación desa zona.

Con data 04/04/2024 o Concello de Ponteceso remite a documentación complementaria solicitada.

Con data 07/05/2024 o enxeñeiro facultativo do Servizo Provincial da Coruña da Axencia Galega de Infraestruturas deste servizo emite un informe condicionado sobre o proxecto presentado.

Con data 16/05/2024, o Concello de Ponteceso solicita ao redactor do proxecto que informe de que o proxecto cumpre cos condicionantes impostos nesta autorización.

Con data 18/05/2024 o técnico redactor do presente informe presenta ao Concello de Ponteceso o PROXECTO REFUNDIDO DE ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DE GUXÍN, CORME ALDEA. CONCELLO DE PONTECESO, o cal se redacta refundindo o proxecto orixinal cos condicionantes impostos na autorización recibida, e é asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado 30.511, con data 18/05/2024.

O 18.06.2024 infórmase polo técnico municipal Ernesto Fernando Calvo Pérez o modificado do proxecto no que se acredita que contan con todas as autorizacións sectoriais e a súa viabilidade urbanística.

Con data 18.06.2024 infórmase pola secretaria municipal .

Tendo en conta as competencias da XGL conforme acordo plenario do 13.07.2023

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

1º.- Aprobar o novo proxecto denominado: **PROXECTO CONSTRUTIVO REFUNDIDO DO ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DE GUXÍN (CORME ALDEA) , INCLUIDO NO POS+2024 COMPLEMENTARIO**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado 30.511, asinado o 18/05/2024, cun orzamento xeral (con IVE) que ascende a 138.232,59 €.

2º.- Dar traslado deste Acordo á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL

3º.- Dar traslado aos servizos técnicos para o replanteo do proxecto

4ª.- Comunicar o contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

O alcalde/ (Asinado dixitalmente)/ José Manuel Mato Martínez>>>

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

5.2 Expediente 2024/A008/000004. Participación no POS+ Adicional 2/2024 para investimentos financeiramente sostibles por maior achega da Deputación Provincial

A secretaria le a proposta.

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2024 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ANTECEDENTES

A Deputación Provincial da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024, mediante acordo plenario de data 24/11/2023.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 07/02/2024, acordou participar no dito Plan.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024, mediante acordo plenario de data 31/05/2024, publicado no BOP 108 do 05/06/2024.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024 para regular o POS+ADICIONAL 2/2024, mediante acordo plenario de data 31/05/2024. O importe da achega provincial asignada a este concello ascende a 407.873,87 €.

Consta proxecto da obra ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DE GUXÍN, CORME ALDEA, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 138.232,59 €, incluído no POS+COMPLEMENTARIO 2024.

O POS+ Adicional 2/2024 aprobarase en dúas fases e o concello pode participar nunha fase ou nas dúas:

Na 1ª fase incluíranse exclusivamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ó POS+2024, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+Adicional 2/2024 presentando a documentación indicada na correspondente circular informativa, rematando o prazo para esta presentación o 28 de xuño de 2024.

Por todo o anterior, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2024 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

			deducible		
Abastecemento no núcleo de Guxín (Corme Aldea)	138.232,59 €	0.-€	0.-€	0.-€	138.232,59 €
TOTAL	138.232,59 €	0.-€	0.-€	0.-€	138.232,59 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2024	407.873,87 €
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024	138.232,59 €
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2024	269.641,28 €

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2024, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

Ponteceso, 18 de xuño de 2024/ O alcalde/ (Asinado dixitalmente)>>

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 10:30h e eu redacto esta acta.

O presidente
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)
Antía Pena Dorado

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.